

Att: Secretaría Xeral de Educación. Inspección Educativa.

Unha vez revisados os novos currículos das materias de EPVA e Expresión Artística, convén indicar os posibles danos que sobre o alumnado poden ter certas modificacións relevantes.

**O Debuxo**, como linguaxe ancestrada que é, procurou transmitir ideas de xeito **universal** ao longo da historia da humanidade, a súa finalidade foi sempre a de comunicar unha idea para ser entendida, sentida, interpretada ou construída.

É conveniente salientar a necesidade en pleno século XXI da formación do alumnado neste eido. A semántica da que se compón o Debuxo é ampla, podemos pensar na representación artística pero sen esquecer a área técnica tan presente no noso día a día.

É pois preciso formar a un alumnado crítico e autocrítico, dotado de ferramentas que lle permitan acadar un desenvolvemento persoal e poder defenderse ante o cúmulo de imaxes e información gráfica que os rodea para que as poidan interpretar e analizar con coñecemento. .

Despois da lectura do borrador dos currículos **da EPVA, da Expresión Artística, así como os da Competencia Dixital, da Tecnoloxía e Dixitalización, da Tecnoloxía e das Matemáticas**, vemos imprescindible indicar as seguintes puntualizacións:

**-Eliminar o Debuxo Técnico da materia de EPVA** non o consideramos apropiado pois como linguaxe que é, deixa ao alumnado sen o coñecemento da **Xeometría Plana** así como dos **Sistemas de Representación**. Queda pois reducido a unha simple mención no *Bloque 3 de 1º da ESO como 'Introdución á Xeometría Plana e trazados xeométricos básicos'* e no *Bloque 1 de 3º da ESO como 'As formas xeométricas na arte e na contorna. Patrimonio arquitectónico'*.

**-O Debuxo Técnico é unha linguaxe universal** que se precisa noutras disciplinas técnicas, analizado o currículo para as materias de Tecnoloxía e Tecnoloxía e Dixitalización, onde se fomenta o deseño de proxectos, o traballo con impresión 3D, a robótica, o deseño de circuitos en 2D, etc... non vemos suficiente deixar relegada unha lingua de expresión ao *'Bloque 2. Deseño e fabricación' da materia de Tecnoloxía e Dixitalización de 1º da ESO. 'Técnicas de representación gráfica para o deseño de pezas utilizadas nos proxectos. Acoutamento e escalas'. 'Aplicacións CAD en 2D para a representación de esquemas, circuitos e planos sinxelos'. 'Iniciación ao deseño 3D'. E no 2º da ESO ao Bloque 2. Deseño e fabricación. 'Aplicacións CAD en 2D para a representación de esquemas, circuitos e planos'. 'Deseño de obxectos sinxelos en 3D'*. Do mesmo xeito que no currículo das Matemáticas ao longo de toda a ESO só se menciona no *Bloque 3. Sentido Espacial*, onde se dan unhas nocións sobre a Xeometría Plana.

O alumnado precisa traballar os sistemas de representación; o sistema diédrico ortogonal, o sistema axonométrico ortogonal e o oblicuo e o sistema cónico, de xeito gradual, incrementándoos en dificultade a medida que maduran a súa visión espacial.

**-A grave desconexión que se vai producir cos estudos posteriores no Bacharelato**, se xa nos era complexo aos docentes afondar en 1º e 2º do Bacharelato nos sistemas de

representación e na Xeometría Plana, o futuro inmediato preséntase complexo pois pensar nun alumnado que non tivo contacto con estes contidos ao longo da ESO pode derivar en problemáticas dificilmente salvables en dous cursos académicos así como as repercusións que isto pode ter nos estudos posteriores universitarios ou de Formación Profesional.

Instamos pois a unha **revisión do borrador**, onde se recuperen os contidos do Bloque de Debuxo Técnico nos cursos de 1º e 3º da ESO. Se ben en 4º da ESO poden desdobrarse as materias **en dúas optativas que se oferten de xeito obrigatorio nos centros de ensino secundario**, unha como a que se formula no borrador co nome de Expresión Artística enfocada a disciplinas no eido do Debuxo Artístico que se complementa no Bacharelato coas materias de Debuxo Artístico I e II e outra materia que contemple os contidos do Debuxo Técnico onde se traballe o Bloque de Debuxo Técnico eliminado e que teña a súa continuidade no Bacharelato nas materias de Debuxo Técnico I e II. Con esta fórmula evitamos así o sesgo e a discriminación na formación integral do alumnado.

Debemos **reflexionar** sobre os pasos que se están a dar con estas modificacións, estamos na era máis tecnolóxica que o ser humano viviu ata o momento polo que resulta difícil de entender o por que de tal decisión que limita as posibilidades do alumnado de contar cunha visión máis global da súa educación. É un cambio que se debe **valorar e meditar**, un camiño que unha vez iniciado ten difícil retroceso sen perxudicar as futuras xeracións de estudantes.

Non debemos esquecer que o noso fin último como docentes é formar ao alumnado para que sexan persoas cun coñecemento global que os acompañe ao longo de toda a súa vida.

María Eva Vérez Cotelo

Lucía Sesto Porto

Silvia Candia Expósito